

FONDO ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE TUI

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1. Código de referencia	ES.ACHDT.36055
1.2. Título	ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE TUI
1.3. Datas	1563-2005
1.4. Nivel de descripción	FONDO
1.5. Volume e soporte	As unidades de instalación ocupan uns 250 metros lineais de estantes en soporte papel case na súa totalidade.

2.- ÁREA DE CONTEXTO

2.1. Nome do produtor	Parroquias da Diocese de Tui-Vigo
2.2. Historia institucional / Recensión biográfica	<p>A Diocese de Tui-Vigo compoñena na actualidade 276 parroquias. Algunhas foron creadas nos dous últimos séculos pero máis dun centenar teñen unha orixe milenaria. O comezo dos arquivos parroquiais hai que situalos na segunda metade do século XVI e primeiras décadas do seguinte. En efecto, o ano 1568 o bispo D. Diego de Torquemada publicou na diocese tudense os decretos do Concilio de Trento (1563), que establecían que se abriaran en cada parroquia os libros de bautizos, casados e defuntos. Aínda así, xa existían libros con anterioridade pois o libro de casados de San Fausto de Chapela comeza en 1563, sendo o máis antigo que se conserva.</p>
2.3. Historia arquivística	<p>O Arquivo Histórico Diocesano foi erixido en 1974 para asegurar e difundilo patrimonio documental conservado nos arquivos parroquiais da diocese con dilixente esmero polos párrocos. Ese inaprezable tesouro chegou íntegro ata nós, salvo moi contadas excepcións, nas que sufriu deterioros por dexación persoal ou por destrución a mantenta, coma no caso do saqueo e queima dos arquivos das parroquias do Porriño, de Vilavella e de Redondela polos franceses no 1809. Para evitar perdas irreparables das fontes que posibilitan a reconstrución da vida relixiosa, cultural, económica e social dos tempos pretéritos, en 1971 a Conferencia Episcopal Española determinou que se transferiran os arquivos parroquiais con máis de cen anos de antigüidade ó Arquivo Histórico Diocesano. Facéndose eco da importante iniciativa, o <i>Boletín Oficial del Obispado de Tuy-Vigo</i>, número 115 (1974), publicou o decreto do entón bispo da diocese, D. José Delicado Baeza, no que dicía: “De conformidade co acordo da Confederación Episcopal Española dispoñemos que os arquivos parroquiais con antigüidade de cen anos se transfiran ó arquivo xeral diocesano, conservando a súa propiedade as respectivas parroquias”.</p> <p>Co mencionado decreto de 1 de maio de 1974 creouse o <i>Museo e Archivo Diocesano</i> baixo a dirección do sempre lembrado D. Jesús Gómez Sobrino. Ambas entidades patrimoniais e culturais permaneceron unidas e ocuparon o nobre edificio do antigo hospital de pobres e peregrinos, inmediato á catedral, que o prelado D. Juan Manuel Rodríguez Castañón construíra ás súas expensas no 1756 sobre outro anterior, levantado no século XVI.</p> <p>Polo 1983, para mellorar o ordenamento físico do Arquivo Capitular, habilitáronse as dependencias do non utilizado pazo de contaduría, sito no lado norte da catedral. As obras realizáronse no 1797, sendo bispo D. Juan García Benito. No ano 1994 trasladouse tamén alí o Arquivo Histórico Diocesano. Dende xuño de 1998, xa co bispo actual, D. José Diéguez Reboredo, separáronse totalmente os Arquivos Catedralicio e Diocesano do Museo Histórico Diocesano.</p> <p>O Arquivo Diocesano dispón, ademais, dunha biblioteca especializada en</p>

	temas históricos para facilitar o traballo dos investigadores.
2.4. Forma de ingreso	Por transferencia directa dos arquivos parroquiais ó cumprir a documentación máis de cen anos.

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

3.1. Alcance e contido	Teñen depositados os arquivos 260 parroquias. Só unha ducia aínda non depositaron os libros. O 65% do volume documental corresponde ós libros sacramentais, o 35% restante fórmano os libros de fábrica, confrarías, etc...
3.2. Valoración, selección e eliminación	A documentación está formada por legaxos, libros manuscritos e impresos. O especial interese dos libros parroquiais é evidente, tendo en conta que os rexistros civís comezaron a súa andaina no 1870.
3.3. Novos ingresos	Segue entrando, con moita frecuencia, documentación que xa supera os cen anos establecidos de retención, e outra das parroquias que aínda non transferiron.
3.4. Organización	<p>CADRO DE CLASIFICACIÓN</p> <p>2. ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO</p> <p>2.1. Libros sacramentais</p> <p>2.1.1. Bautismos, 1569-1951</p> <p>2.1.1. Casados, 1563-1910</p> <p>2.1.2. Defuncións, 1580-1935</p> <p>2.1.3. Confirmados, 1726-1936</p> <p>2.2. Goberno</p> <p>2.2.1. Libros de visitas pastorais, 1614-1879</p> <p>2.2.2. Libros sinodais, 1598-1954</p> <p>2.2.3. Libros de circulares, 1640-1859</p> <p>2.2.4. Confrarías ou asociacións, 1565-1954</p> <p>2.2.5. Capelas, 1686-1976</p> <p>2.2.6. Hospitais, 1815-1877</p> <p>2.2.7. Padrón veciñal (<i>status animarum</i>), 1877-1964</p> <p>2.3. Acción pastoral e social</p> <p>2.3.1. Conferencias morais do clero, 1905-1950</p> <p>2.3.2. Acción Católica, 1923-1956</p> <p>2.3.3. Escolas parroquiais, 1740-1800</p> <p>2.3.4. Catequeses, 1880-1946</p> <p>2.3.5. Conferencias de San Vicente de Paúl, 1880-1956</p> <p>2.3.6. Sindicato Agrícola Católico, 1909-1929</p> <p>2.3.7. Santa Casa da Misericordia, 1585-1905</p> <p>2.3.8. Venerable Orde Terceira, 1707-1909</p> <p>2.3.9. Apostolado da oración, 1900-1961</p> <p>2.4. Libros administrativos</p> <p>2.4.1. Libros de fábrica, 1609-1930</p> <p>2.4.2. Libros de contas, 1585-1954</p> <p>2.4.3. Libros de inquilinato (casas rectorais), 1800-1948</p> <p>2.4.4. Inventarios, 1760-1910</p> <p>2.4.5. Límites parroquiais, 1708-1960</p> <p>2.4.6. Libros de colecturía, 1798-1878</p> <p>2.4.7. Padroados, 1811-1948</p> <p>2.4.8. Censos e décimos, 1787-1854</p> <p>2.4.9. Marqués de Ensenada (interrogatorio), 1752</p> <p>2.5. Fundacións</p> <p>2.5.1. Capelanías, 1600-1918</p> <p>2.5.2. Obras pías, 1620-1940</p>

	<p>2.6. Documentación notarial</p> <p>2.6.1. Protocolos notariais, 1753-1843</p> <p>2.6.2. Testamentos, 1630-1824</p> <p>2.7. Cemiterios</p> <p>2.7.1. Concesión de parcelas, 1860-1960</p> <p>2.7.2. Obras (planos), 1860-1960</p>
--	---

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

4.1. Condición de acceso	Os documentos poden accederlos investigadores e todo aquel que xustifique a súa utilización por motivos persoais. Deben aterse ás limitacións das leis vixentes e ó Regulamento dos Arquivos Eclesiásticos Españols.
4.2. Condición de reprodución	A reprodución está moi limitada para evitar o deterioro e garantir a integridade da documentación. Existen uns impresos para solicitar fotocopias e reproducións dixitais.
4.3. Lingua / escritura(s) dos documentos	Castelán e nalgúns documentos máis recentes galego.
4.4. Características físicas e requisitos técnicos	En papel na súa maioría, aínda que nalgúns libros se reutilizaron pergameos de cantorais e de bulas como tapas.
4.5. Instrumentos de descrición	Ficheiro temático, guías e inventarios, parcialmente informatizados.

5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

5.1. Existencia e localización dos documentos orixinais	Arquivos parroquiais e Arquivo da Curia Diocesana
5.2. Existencia e localización de copias	Non se coñecen.
5.3. Unidades de descrición relacionadas	Non se coñecen.
5.4. Nota de publicacións	Revista "Tui. Museo e Arquivo Histórico Diocesano". Números 1-9 (1975-2001).

6.- ÁREA DE NOTAS

6.1. Notas	O Arquivo Histórico Diocesano comparte sé co Arquivo Capitular da catedral tudense, pero na actualidade hai unha proposta de adaptación de novos espazos porque corre o risco de quedaren colapsado de contado.
------------	---

7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

7.1. Nota do arquivreiro	Avelino Bouzón Gallego, director. Roberto Fernández Díaz, auxiliar.
--------------------------	---

7.2. Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G)
7.3. Data da descrición	21 de febreiro de 2005.